

ALEGORÍA DA NUBE

Son as *Variacións nube* de Cesáreo Sánchez Iglesias un diálogo entre a palabra e a arte onde degustamos á vez a sonoridade dos termos e a rugosa forma da pedra ou a gamma dunha cor a facerse nube, praia, talo de orquídea, lanza dourada e luz de azafrán. Así, o poema convértese en materia para os sonhos, plasmados en imaxes por outros artistas, xa que, a través da arte, procúranse os sinais dunha vida antiga, o diálogo directo cun tempo que se recompón na mirada curiosa do eu poético. Polo tanto, este libro pode lerse como unha particular e personalísima historia da arte onde conviven as sombras de Rembrandt coa blusa escarlata da rapaza de Egon Schiele ou a primavera de Botticelli reflectida nas nubes púrpura de Maruxa Mallo. E resulta que, en abrindo o poemario, a muller que foi cadro en Vermeer, a figura xacente retratada por Mantegna ou o ancián do coro do Mestre Mateo se fan palabra e metáfora por arte dun poeta capaz de transformar as “letras erráticas” en “bolboreta/ de cálido satén azul medianoite/ que abría e fechaba as súas asas como a flor da cerdeira”. É dicir, en *Variacións nube*, imaxe e son establecen un diálogo íntimo como maneira simbólica de completar un círculo creativo que quedaría truncado sen calquera destas dúas aportacións: o artista fala coas súas cores e o poeta debuxa con fonemas un cadro que, malia coñecido, adquire agora outra dimensión ao facer cos seus misterios arcanos un tratado da luz rebosando nos cadros. Igual que unha restauración limpa a pátina do tempo para deixar ver os tons orixinais, o poeta vístese de noite con Magritte ou mira nos ollos das mulleres de Modigliani e, extasiado na beleza das súas formas, fúndese no silencio fértil de quen interioriza os detalles xa que “*Todo o que viviu decidiuse a ser no seu nome/ que digo atemporal, coa súa voz e un vacío gris*”. Esa é a materia de que se constrúen os textos de *Variacións nube*, coa luz do coñecemento inundando as páxinas como unha “*Luminosa interrogación, lectura do invisíbel*” capaz de perturbarnos ata o máis fondo. E así, “*Visto o corpo e a súa escrita de sombra/ e toma a forma da escrita do efémero./ Escribo sobre a tarde cun seu vocabulario de luz./ Escribo nas súas sombras e sobre os ollos poño un pano de mao*” para, cubrindo os ollos, ser quen de recrear o mundo e darlle forma como un demiurgo, esculpindo o verso sobre o papel-lienzo ou debuxando os nomes secretos do inefable cos misterios a abrollar nunha voz que nos fala con verbas que xa coñecemos. En definitiva, en *Variacións nube* Cesáreo Sánchez Iglesias fai a alegoría da beleza a través dunha sinxela nube que ora é un pano, ora unha branca camelia, ora unha mirada fascinada do mundo.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 95, abril 2005, p. 68